

## 1º EXERCICIO: PARTE COMÚN

### INSTRUCCIÓNS:

- 1.- Non abra nin lea o interior deste caderno ata que se lle indique.
- 2.- Esta proba consiste nun cuestionario non eliminatorio sobre o contido da parte común do programa, de 10 preguntas tipo test con 2 de reserva, que deberán ser contestadas a continuación do recadro "Común" entre os números C1 e C12, da "FOLLA DE RESPPOSTAS".
- 3.- O tempo total de realización do exercicio, é de **15 minutos**.
- 4.- Todas as preguntas teñen catro respostas alternativas, sendo unha a correcta. As respostas correctas sumarán **0,50** puntos, as non contestadas non terán valoración algunha e as contestadas erroneamente restarán **0,125** puntos.
- 5.- Comprobe sempre que o número de resposta que sinale na "FOLLA DE RESPPOSTAS" é o que corresponde ao número da pregunta do cuestionario.
- 6.- Este cuestionario debe utilizarse na súa totalidade como borrador das respostas elixidas, para non marcar unha resposta ata estar totalmente seguro/a.
- 7.- A resposta correcta marcarase cun **X** ben feito dentro dos límites do recadro. De ter que anular algunha resposta, o recadro da resposta que se marcou incorrectamente ten que encherse por completo.  
  
Unha vez que se anule, xa non poderá recuperarse de novo dita opción de resposta.
- 8.- Ao rematar o seu exercicio, coloque este cuestionario no chan e espere as indicacións para realizar a continuación o seguinte exame, en unidade de acto. Cando finalice todos os exercicios deberá entregar a "FOLLA DE RESPPOSTAS" no lugar que lle indique a organización, onde lle entregarán a última folla autocopiativa. Ao abandonar o recinto NON poderá levar ningún cuestionario de preguntas. O Servizo Galego de Saúde facilitaralle o acceso aos mesmos a través da páxina web: [www.sergas.es](http://www.sergas.es), logo de finalizados os tempos de exame.

**LEA DETIDAMENTE AS INSTRUCCIÓNS  
QUE FIGURAN NO REVERSO DA FOLLA DE RESPPOSTAS  
PARA O SEU CORRECTO ENCHEMENTO**

**EXAME EN GALEGO**



**1. Que artigo da Constitución Española reconece o dereito á protección da saúde?:**

- A) O artigo 42.
- B) O artigo 43.
- C) O artigo 32.
- D) O artigo 34.

**2. Sinale a afirmación correcta:**

- A) A prestación do consentimento informado é un deber do paciente e a súa obtención un deber do médico.
- B) A prestación do consentimento informado é un dereito do paciente e a súa obtención un deber do médico.
- C) A prestación do consentimento informado é un dereito do paciente e a súa obtención un dereito do médico.
- D) A prestación do consentimento informado é un deber do paciente e a súa obtención un dereito do médico.

**3. O artigo 16 da Constitución Española garante:**

- A) A liberdade ideolóxica, relixiosa e de culto dos individuos e as comunidades.
- B) A liberdade ideolóxica, relixiosa e de culto de toda persoa.
- C) A liberdade ideolóxica, relixiosa e de culto de todos os cidadáns
- D) A liberdade ideolóxica, relixiosa e de culto dos españois.

**4. Sinale a resposta incorrecta. Segundo o artigo 5 do Estatuto Marco do persoal estatutario dos servizos de saúde, o persoal dos servizos de saúde clasificaranse atendendo a:**

- A) Ao nivel do título esixido para o ingreso.
- B) Ao tipo de nomeamento.
- C) Á función desenvolvida.
- D) Á especialidade sanitaria.

**5. A Lei 11/2007, do 27 de xullo, para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero prevé a creación dun órgano colexiado e institucional de Galicia, encargado do estudo, avaliación e seguimento das políticas contra a violencia de xénero que se desenvolvan en Galicia. Cal é este órgano?:**

- A) O Servizo Galego para a Promoción do Home e da Muller
- B) A Comisión Interdepartamental de Igualdade.
- C) O Observatorio Galego de Violencia de Xénero.
- D) O Consello Galego de Mulleres.

**6. De acordo co artigo 68 do Decreto 206/2005, do 22 de xullo, de provisión de prazas de persoal estatutario do Servizo Galego de Saúde, quen pode elaborar o plan de ordenación de recursos humanos do Servizo Galego de Saúde?:**

- A) A Xerencia do Servizo Gallego de Saúde.
- B) O Consello de Dirección do Servizo Galego de Saúde.
- C) A Dirección Xeral de Recursos Humanos do Servizo Galego de Saúde.
- D) O Comité Executivo do Servizo Galego de Saúde.

**7. O sistema público de saúde de Galicia ordénase territorialmente en:**

- A) Estruturas sanitarias, distritos sanitarios e zonas sanitarias.
- B) Estruturas sanitarias, áreas sanitarias e distritos sanitarios.
- C) Áreas sanitarias, distritos sanitarios e zonas sanitarias.
- D) Áreas sanitarias, distritos sanitarios e consellos asesores.

**8. Indique cal dos seguintes non é un dereito das persoas usuarias dos servizos do sistema sanitario público:**

- A) A utilizar as vías de reclamación e de proposta de suxerencias nos prazos previstos. Nun ou noutro caso deberá recibir resposta por escrito nos prazos que regulamentariamente se establezan.
- B) A elixir o médico e os demais sanitarios titulados de acordo coas condicións contempladas na Lei xeral de sanidade, nas disposicións que se diten para o seu desenvolvemento e nas que regulen o traballo sanitario nos Centros de Saúde.
- C) A obter os medicamentos e produtos sanitarios que se consideren necesarios para promover, conservar ou restablecer a súa saúde, nos termos que regulamentariamente se establezan pola Administración do Estado.
- D) A cumprir as prescricións xerais de natureza sanitaria comúns a toda a poboación, así como as específicas determinadas polos Servizos Sanitarios.

**9. Segundo o artigo 37 do Estatuto de Autonomía de Galicia, que órgano exerce a función executiva na Comunidade Autónoma de Galicia?:**

- A) O presidente da Xunta de Galicia.
- B) O Parlamento.
- C) Os Conselleiros.
- D) A Xunta.

**10. O artigo 16 do Estatuto de Autonomía de Galicia establece que os vicepresidentes e os conselleiros da Xunta de Galicia son nomeados e cesados por:**

- A) O Rei.
- B) O presidente da Xunta de Galicia.
- C) O presidente do Parlamento.
- D) O Rei a proposta do Presidente da Xunta de Galicia.

Preguntas de reserva

**1. O artigo 1 da Constitución Española propugna como valores superiores do ordenamento xurídico español:**

- A) A xerarquía normativa e a publicidade das normas.
- B) O principio de legalidade e de seguridade xurídica.
- C) A autonomía e a solidariedade entre nacionalidades e rexións.
- D) A liberdade, a xustiza, a igualdade e o pluralismo político.

**2. Cal dos seguintes principios non se recolle na Lei xeral de sanidade?:**

- A) Eficacia.
- B) Rendemento económico.
- C) Celeridade.
- D) Flexibilidade.